

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3. 2 a) do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día caíra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que neste caso o pleno tería que ter lugar o día 28/03/2024 que coincide cun día festivo e que consensuado cos restantes voceiros dos grupos acordouse levar a cabo o pleno ordinario o seguinte xoves 04/04/2024.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.

TENDO EN CONTA que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que serán sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde con tal carácter e fora da periodicidade establecidas para as sesións ordinarias. Tendo en conta que non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA da Comisión informativa especial de contas, facenda e patrimonio para o

Día: 27/03/2024

Hora: 09:00 horas a 1.ª convocatoria e, se procédese, ás 09:00 horas a 2.ª convocatoria

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

## I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar as actas das sesións anteriores:

1.1.- Acta da ordinaria do 27/11/2023. Acta 10/2023.

1.2.- Acta da sesión extraordinaria do 05/02/2024. Acta 1/2024.

2.-Aprobar se procede o expediente 2024/G006/000027 de recoñecemento extraxudicial 1/2024 previo levantamento de reparo de intervención.

3.- Aprobar se procede o expediente 2024/G006/000028 de recoñecemento extraxudicial 2/2024.

4.-Aprobar se procede o expediente 2024/G006/000029 de recoñecemento extraxudicial 3/2024.

## II.-PARTE DE CONTROL.

5.-Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.roso.gal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.



En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.

Federico Suárez Cancelo.